

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 3 de novembro de 2009 pola que se incorpora un novo procedemento ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño.

O Decreto 164/2005, do 16 de xuño, crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, que permite a presentación por vía telemática de solicitudes, escritos e comunicacións. Esta orde inclúe no anexo VII do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, un novo procedemento, co fin de continuar impulsando o emprego de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos no desenvolvemento da actividade da Xunta de Galicia e no exercicio das súas competencias.

De conformidade co disposto no artigo 2.2º e a disposición adicional primeira b) e derradeira primeira do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, créase o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e régúlase a atención ao cidadán.

DSPONÓ:

Artigo único.

1. Inclúese no anexo VII do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, procedementos para os que está habilitado o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, e queda pois, habilitado cos efectos previstos no seu artigo 5.1º, o seguinte procedemento:

TR803A Comunicación de apertura ou reiniciación de actividade de centros de traballo.

2. O procedemento para a tramitación electrónica estará dispoñible no enderezo <http://www.xunta.es/servicios/>.

Disposición derradeira

Única.

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2009.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 26 de outubro de 2009 pola que se resolve a Orde do 2 de febreiro de 2009 (Diario Oficial de Galicia número 23, do 3 de febreiro), pola que se regula a concesión de axudas a concellos de Galicia para compensar os danos sufridos en instalacións deportivas de titularidade pública polos efectos do temporal acaecido en Galicia os días 23 e 24 de xaneiro de 2009.

1. Outórganse as subvencións económicas para as finalidades concretas que en cada caso se indican a favor dos concellos propostos, que se identifican e enumeran seguidamente:

Provincia: A Coruña.

Concello	CIF	Actuación proposta	Importe actuación (€)	Importe solicitado (€)	Importe subvención (€)
Boiro	P1501100J	Reparación danos pavillón polideportivo de Bealo	17.632,00	17.632,00	3.194,92
Boiro	P1501100J	Reparación danos pavillón polideportivo de Abanqueira	19.093,69	19.093,69	3.459,78
Boqueixón	P1501200H	Reparación danos campo de fútbol de Lestedo	14.801,47	14.801,47	2.682,03
Camariñas	P1501600I	Reparación danos campo de fútbol Irmás Patiño	22.565,42	22.565,42	4.088,85
Cariño	P1509500C	Reparación danos pavillón polideportivo municipal	200.000,00	200.000,00	36.240,00
Carnota	P1502000A	Reparación danos polideportivo de Carnota	173.681,93	173.681,93	31.471,17
Cedeira	P1502200C	Reparación danos polideportivo municipal	15.901,99	15.901,99	2.881,44
Coirós	P1502700F	Reparación danos piscina municipal	35.397,40	35.397,40	6.414,01
Culleredo	P1503100H	Reparación danos campo de fútbol do Burgo	12.561,64	12.561,64	2.276,17
Culleredo	P1503100H	Reparación danos campo de fútbol de Tarrío	12.090,92	12.090,92	2.190,87
Curtis	P1503200F	Reparación danos pavillón polideportivo de Teixeira	12.649,92	12.649,92	2.292,17
Curtis	P1503200F	Reparación danos campo de fútbol de Curtis	12.959,99	12.959,99	2.348,35
Dodro	P1503300D	Reparación campo de fútbol Chenlo	30.691,71	30.691,71	5.561,34
Dumbría	P1503400B	Reparación pavillón e vestuarios municipais	12.000,00	12.000,00	2.174,40
Fene	P1503600C	Reparación danos piscina municipal de Centeiras	12.630,66	12.000,00	2.174,40
Laxe	P1504100C	Reparación danos cuberta polid. municipal	12.741,09	12.741,09	2.308,69
Melide	P1504700D	Reparación danos campo de fútbol municipal	12.412,00	12.412,00	2.249,05
Miño	P1504900J	Reparación danos campo de fútbol municipal	12.437,29	12.437,29	2.253,64
Mugardos	P1505200D	Reparación danos pista polideportiva colexio Catro Camiños	14.088,64	14.088,64	2.552,86
Narón	P1505500G	Reparación danos pista polideportiva da Solaina	41.157,21	41.157,21	7.457,69
Neda	P1505600E	Reparación campo de fútbol San Isidro	18.084,40	18.084,40	3.276,89
Negreira	P1505700C	Reparación campo de fútbol de Cepelo	16.682,42	16.682,42	3.022,85
Noia	P1505800A	Reparación pavillón municipal polideportivo	172.229,08	172.229,08	31.207,91